

**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DÍA 07/10/2019
(Extracto en [http: sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal) - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:35 horas do día 07/10/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

SECRETARIO/A

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 30-sep-2019, que se aprobou por unanimidade.

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

RÉXIME INTERIOR

PRP2019/4573

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 7 de outubro de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 7 de outubro de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE
ADEGA CINE CLUB	G36018513	3.000,00 €	07/10/2019	SI
AGRUP. INIC. TURISTICAS VILAG. AHITUVI	G36418705	350,00 €	07/10/2019	SI
ALUMINIOS HERBREDADA	E36392942	1.442,93 €	07/10/2019	SI
ASOC. CUL. FOLC. UNION PIÑEIRA DE GUILLAN	G94007911	315,00 €	07/10/2019	SI
ASOC. CUL. POLIFONICA VILAXOAN	G36446862	810,00 €	07/10/2019	SI
ASOC. CULTURAL CORAL AMENCER	G94135449	335,00 €	07/10/2019	SI
ASOC. OS TERRIBLES DE AROUSA	G36436947	391,00 €	07/10/2019	SI
CALVO CASANOVA, MARIA	47350728F	1.375,94 €	07/10/2019	SI
COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.	B15467962	286,70 €	07/10/2019	SI
CUEVAS, S.L.	B36027597	1.150,00 €	07/10/2019	SI

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4434

Visto o escrito de D. Víctor Moledo Pereiro solicitando autorización para instalar un posto de garrapiñadas en Praza de Galicia dende o 1 de novembro de 2018 ata o 30 de abril de 2020, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para os días: 1 de novembro de 2019, Festas de Nadal de 2019 e Festas do Entroido de 2020.

Visto o informe da Policía Local e do Servizo de Mercados, comunícaselle que deberá axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma, cunha cobertura mínima de 300.000 €.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá cumprir os requisitos para a venda ambulante e de hixiene por venda de alimentos, segundo o establecido na Lei 13/2010 de Comercio de Galicia.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Negociado de Rendas.

PRP2019/4515

Dáse conta do convenio de colaboración entre a Entidad Promotora de emprego con apoio Asociación BATA (Baión, Asociación Tratamiento del Autismo), e o Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que o Concello se compromete a contratar un traballador con discapacidade destinatario do emprego con apoio baixo a modalidade de temporal e cunha xornada completa:

- D. Luis Cores Fernández (Está contratado cn cargo ao Plan Provincial de Emprego Deputación, remata a prestación laboral o día. 31 de decembro de 2019).

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio.

PRP2019/4516

Dáse conta do convenio entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e Dona Maria del Carmen Recuna Loureiro, para cesión de terreo de 14,75 m² de superficie na rúa Santa María de Guillán nº 69, para ampliación de vial existente. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do citado convenio, comprometéndose a refacer a beirarrúa actual que hai na fronte da parcela, así como ao acondicionamento da superficie aceptada polo Concello.

PRP2019/4517

A Xunta de Goberno Local acorda a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación Con

Eles, para a concesión dunha subvención por importe de 40.000 € con cargo á partida 231.78002 con destino á execución de instalacións de ascensor na edificación do centro docente ocupacional asistencial situado en Rúa Sobreira nº 24 (Urbanización O Rial).

Dar conta ao Departamento de Servizos Sociais.

PRP2019/4518

Dáse conta do escrito presentado por D. Luis Vila López solicitando o uso do estacionamento disuasorio que se atopa a carón do CEIP A Escardia do 25 ao 29 de setembro para o estacionamento de camións e caravanas relativas ao espectáculo do Circo Evolution.

Dáse conta do informe negativo da Policía Local.

A Xunta de Goberno local queda sabedora.

PRP2019/4519

Dáse conta do escrito presentado por Dona M^a Luz Toval Fernández en relación coa recente sinalización horizontal de prazas de estacionamento na Ávda. Agustín Romero, e solicitando que se modifique a mesma, dado que invade a saída do vao permanente situado no nº 23.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a corrixir a sinalización mediante o borrado parcial e unha nova liña de comezo/final do vao permanente citado.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2019/4521

Dáse conta de escrito presentado por D. Francisco Javier Alvarez Portas, en representación da CP Costa da Xalda solicitando a eliminación da praza de estacionamento de vehículos existente entre os vaos permanentes nº 1601 e 1602.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado co fin de mellorar a incorporación dos vehículos á vía pública.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2019/4522

Dáse conta do escrito presentado pro Asociación Amencer-ASPACE solicitando a ocupación da Praza de Galicia o día 2 de outubro, en horario de 10.30 a 13:00 horas para a realización dun evento con motivo da celebración do Día Mundial da Parálise Cerebral, así como autorización para acceder cun microbus o mas preto posible da Praza de Galicia.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4525

Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Castro Vázquez, en representación de Asociación Alcohólicos Rehabilitados Arousa - AREVA, solicitando autorización para ocupación da vía pública coa instalación de unha carpa, cunha mesa e catro cadeiras, no cruce da Rúa Castelao e Xeneral Pardiñas, o día 5 de outubro de 2019, en horario de 10:00 a 13:00 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4526

Dáse conta da proposta do Servizo de Vías Públicas para a colocación de 3 mamparas nos servizos do baixo do Auditorio Municipal, para as duchas do persoal adscrito aos Servizos de Xardíns, Medio Ambiente e Electricidade.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Cuevas SL, polo subministro e colocación de tres mamparas de ducha a medida de aluminio, cristal plástico en cada folla modelo tipo gota, instaladas e seladas, por un importe total de 1.150,00 € (IVE incluído), con cargo ás partidas orzamentarias 171.22199, 170.22199 e 165.22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4528

Vista a Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, propoñendo á Xunta de Goberno Local o prezo público para as actividades físico recreativas para nenos (Escola de psicomotricidade; Escola Multideportiva; Escola Deportiva de Base) e Actividades para adultos (Ximnasia de mantemento; Ximnasia funcional, Ximnasia acuática; Arerobic; Badminton; loga; Circuit Training; Tai-chi; Pilates; Estiramento e relaxación, incluídas no proxecto das actividades deportivas de inverno, curso 2019/20, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar un prezo público de 18,00 €/curso por participante, como cota de inscrición, conforme ao Acordo Regulador do citado prezo público nº 17 en vigor.

PRP2019/4529

Dáse conta do escrito presentado por D. Marcos Ramos Cascallar solicitando a autorización para a realización da actividade de carácter benéfico “X Foliada Solidaria” na Rúa Alcalde Rey Daviña o día 20 de outubro de 2019, e en caso de choiva o día 03 de novembro de 2019.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a celebración da actividade o 20 de outubro de 2019, non sendo posible a autorización do día 03 de novembro por estar autorizada outra actividade, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas. Así mesmo acórdase prestar a colaboración municipal con 2 palcos, tableiros, cadeiras e cartelería. Por outra banda, acórdase denegar a colaboración económica municipal. Dar conta do presente acordo á Policía Local, Servizo Municipal de Obras e Comunicación.

PRP2019/4530

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Jesús Fernández Cortegoso, en representación de Cruz Roja Española, solicitando autorización para ocupación de vía pública en

Rúa Baldosa e Rúa Alcalde Rey Daviña, os días 8 de outubro e 5 de novembro de 2019, en horario de 10:30 a 13:00 horas, para realización de xornada de sensibilización.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/4531

Dáse conta de escrito presentado por Dona Begoña Sampedro Guillán sobre deficiencias na sinalización relacionada coa limitación de velocidade a 30 km/h. nas proximidades da Urbanización O Rial.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización horizontal a 30 km/h nas Rúas Fiuncho, Sobreira e Rúa da Xesta.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2019/4532

Dáse conta do escrito presentado por D. Ignacio Antón Arias de queixas polas estacas e ferros existentes nas Praias Concha e Compostela, así como polas prantas que ocasionan molestias aos usuarios dos areais.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que as estacas e ferros a que se refire correspondense cos que colocan as/os mariscadoras/es para sinalizar as parcelas de marisqueo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar ao Sr. Antón Arias:

- En relación coas estacas e ferros debe dirixirse á Consellería do Mar, por selo organismo competente nesa materia.
- En relación coas prantas "abrojo", están a tomarse as medidas polo Concello para a súa retirada e erradicación.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2019/4553

Dáse conta da sinatura do Convenio para a concesión directa de subvención nominativa a favor de Amencer - Aspace (Princesa Leticia) por un importe de 2.500,00 €, con cargo á partida 231.48002 co fin de subvencionar o desenvolvemento de actuacións realizadas dende o centro destinadas a persoas en situación de discapacidade durante o ano 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4554

Dáse conta da sinatura do Convenio para a concesión directa de subvención nominativa a favor de Asociación Española contra el Cancer, por un importe de 1.500,00 €, con cargo á partida 231.48002 co fin de subvencionar o desenvolvemento de actuacións e intervencións encamiñadas á sensibilización en relación a enfermidade de cancro, así como a atención integral a persoas afectadas e á súa contorna durante o ano 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4555

Dáse conta da sinatura do Convenio para a concesión directa de subvención nominativa a favor de Asociación LAR Pro Salud Mental por un importe de 3.000,00 €, con cargo á partida 231.48002 co fin de subvencionar o desenvolvemento de actuacións e actividades do centro no marco da inclusión e autonomía de persoas que padecen trastornos mentais durante o ano 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4556

Dáse conta da sinatura do Convenio para a concesión directa de subvención nominativa a favor de Solidariedade Galega co Pobo Saharai, por un importe de 3.000,00 €, con cargo á partida 231.48002 co fin de subvencionar o desenvolvemento do programa "Vacaciones en Paz" durante o ano 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4557

Dáse conta da sinatura do Convenio para a concesión directa de subvención nominativa a favor de Asociación Alcoholicos Rehabilitados Arousa - AREVA, por un importe de 1.500,00 €, con cargo á partida 231.48002 co fin de subvencionar o desenvolvemento de actuacións dirixidas a situacións persoais de dependencia de alcohol e persoas en procesos de rehabilitación, incluíndo a súa contorna familiar a través de intervencións integrais durante o ano 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2019/4562

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal para o exercicios 2019-2020 da Deputación Provincial de Pontevedra para a actividade denominada Campamentos Urbanos Medioambientais, facendo constar:

PRIMEIRO:

Que se realizou a actividade de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención.

Que os gastos que figuran na presente conta xustificativa se realizaron e aplicaron á actividade subvencionada, quedando á disposición da Deputación para o seu exame, de se considerar oportuno, os xustificantes correspondentes.

SEGUNDO:

O concepto e contía correspondente ao gasto total soportado polo Concello, entidade beneficiaria, imputable á actuación subvencionada, é o seguinte:

Nº Fra.	Data	proveedor	cif	Concepto	importe	data de pagamento
Nº 53	229/07/2019	Oftefor CB	E3606000B	Campamentos urbanos medioambientais 2019	4.500 €	27-09-2019

TERCEIRO

o conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para este mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, independentemente da concedida ao abeiro desta orde, son as seguintes:

ENTIDADE CONCEDENTE	CANTIDADE SOLICITADA	CANTIDADE CONCEDIDA
x	NINGUNHA OUTRA AXUDA	

CUARTO

O Concello de Vilagarcía de Arousa declara estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma

QUINTO

Que se lle deu difusión á subvención obtida facendo constar a colaboración da Deputación, a través da páxina web do Concello e da cartelería adxunta, que se achega como medio de acreditación gráfica.

Achégase memoria e dossier explicativo do proxecto executado.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2019/4563

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2019, no que se acorda modificar o importe adxudicado na Xunta de Goberno Local de 18 de marzo de 2019, a Cogami Reciclado de Galicia S.L. (Coregal S.L.) para a retirada anual e xestión do colector de plásticos mesturado do punto limpo, figurando no mesmo que queda fixada na contía de 2.577,17€, e debendo figurar: quedando fixada na contía de 2.863,87 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

TURISMO

PRP2019/4589

Vista a proposta da Concellería de Turismoa Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adxudicación do contrato menor de patrocinio, entre o Concello de Vilagarcía e a Asociación de Hostalería e Iniciativas Turísticas de Vilagarcía (AHITUVI), para a celebración da actividade OKTOBERFEST, os días 12 e 13 de outubro, na Praza da Peixería por importe de 350,00 €, con cargo á partida 432.22602, mediante inclusión da publicidade institucional do Concello de Vilagarcía de Arousa coa incorporación destacada do logotipo do Concello, como patrocinador do evento en:

- Cartel oficial.

- As páxinas web de AHITUVI e Culbe de Rugby Os Ingleses, cun enlace directo a www.visitvilagarcia.com
 - O Roll-up a utilizar nas distintas roldas de prensa.
 - Presenza do Alcalde, ou en quen delegu, e/ou outros membros da corporación na rolda de prensa de presentación da Festa.
 - Mención destacada do Concello e a súa Concellería de Turismo en todas as comunicacións e promocións on line que se realicen do evento.
- Deberáse dar conta á Xunta de Goberno Local unha vez levada a cabo a sinatura do contrato.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2019/4561

Dáse conta da Sentenza firme 196/2019, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, en autos do Procedemento Abreviado nº 409/2018MS, que desestima o recurso presentado por Dona Maria Dolores Vázquez Santiso contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de setembro de 2018, desestimatorio da reclamación indemnizatoria formulada polas lesións padecidas como consecuencia dunha caída á altura do nº 30 da Rúa Arcebispo Lago, o día 31 de marzo de 2018 (Expte. PRFP2018/4125).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2019/4558

Vista a proposta da Area das Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona María Calvo Casanova (Viaxes CArballo Galicia), para un servizo de aluguer dun autobús e dun/ha guía-acompañante para a realización dunha excursión a Asturias e arredores, do 23 ao 27 de outubro, por un importe total de 2.640,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2313.22634.

Acórdase así mesmo aprobar os requisitos que deberán cumprir os viaxeiros, así como o prazo de inscrición, do 7 ao 18 de outubro.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/4560

Dáse conta da existencia dun erro no acordo de Xunta de Goberno Local de data 18 de setembro de 2019 de continuación ate decembro do Programa "ACTIVATE-Quenda 2" con cargo ao Plan concellos 2019, non figurando no mesmo a adxudicación do desenvolvemento do citado Programa.

A Xunta de Goberno Local acorda corrixir o citado acordo engadindo no mesmo:

Acórdase adxudicar a Centro Polivalente Ana M^a Parada o desenvolvemento da actividade, os mercores de outubro a decembro, en 2 sesións grupais de 2 horas de duración para 20 persoas por grupo, por un importe de 3.456,00 € con cargo á partida 2313.22634.

SPAD

PRP2019/4595

Dáse conta do convenio de colaboración a asinar entre os Concellos de Cambados, Meis, Ribadumia e Vilagarcía de Arousa para actividades de prevención de condutas aditivas, polo que o Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias (SPAD) levará a cabo as actividades de prevención que se desenvolvan entre o 1 de xullo de 2019 e o 30 de xuño de 2022.

Os concellos aportarán anualmente a esta programación as cantidades seguintes:

- Cambados: 7.150,00 €
- Meis: 2.800,00 €
- Ribadumia: 2.000,00 €
- Vilagarcía de Arousa: 7.800,00 €

As citadas cantidades ingresarán anualmente na Tesourería Municipal de Vilagarcía de Arousa con anterioridade ao 31 de decembro de cada exercizo.

A Xunta de Goberno Local préstalle a súa aprobación e acorda dar conta ao Negociado de Rendas para que proceda a liquidar aos concellos as cantidades que lles corresponden conforme ao convenio asinado.

CULTURA

PRP2019/4565

Dáse conta do contrato menor de patrocinio asinado entre a Entidade Ticketea SL e o Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe de 3.000,00 € para o patrocinio do Espectáculo "Viaxe sonora: descubriendo o mundo, recordando a ópera", producido pola Asociación coro Liceo de Vilagarcía.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4566

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal para os exercizos 2019-20 da Deputación Provincial de Pontevedra para a actividade denominada COMBATE NAVAL, facendo constar:

PRIMEIRO:

Que se realizou a actividade de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención.

Que os gastos que figuran na presente conta xustificativa se realizaron e aplicaron á actividade subvencionada, quedando á disposición da Deputación para o seu exame, de se considerar oportuno, os xustificantes correspondentes.

SEGUNDO:

O concepto e contía correspondente ao gasto total soportado polo Concello, entidade beneficiaria, imputable á actuación subvencionada, é o seguinte:

Nº Fra.	Data	proveedor	cif	Concepto	importe	data de pagamento
143	29/07/2019	PIROTECNIA PENIDE S.L	B15209430	COMBATE NAVAL 2019	40.822,98	23-09-2019

TERCEIRO

o conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para este mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, independentemente da concedida ao abeiro desta orde, son as seguintes:

ENTIDADE CONCEDENTE	CANTIDADE SOLICITADA	CANTIDADE CONCEDIDA
x	NINGUNHA OUTRA AXUDA	

CUARTO

O Concello de Vilagarcía de Arousa declara estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma

QUINTO

Que se lle deu difusión á subvención obtida facendo constar a colaboración da Deputación, a través da páxina web do Concello e da cartelería adxunta, que se achega como medio de acreditación gráfica.

Achégase memoria e dossier explicativo do proxecto executado.

PRP2019/4567

Vista a solicitude de D. Germán Torres de Aboal, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, os días 28 de setembro, 19 de outubro, 20 de novembro e 21 de decembro de 2019, en horario de 18:00 a 22:00 horas, e o Salón García o día 18 de xaneiro de 2020, en horario de 20:00 a 23:00 horas, para a celebración da actividade denominada “Mesa das Verbas”, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.”

PRP2019/4568

Vista a solicitude de Dona Rosa Villaronga Tarrío, en representación de AA.MM.RR Avelaiña, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de Santa Lucía en Sobrán o vindeiro día 13 de decembro de 2019:

- Actuación da Asociación Cultural Polifónica de Vilaxoán por un importe de 225,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/4569

Vista a solicitude de Dona Dolores Couso Rodríguez, Presidenta da Asociación Comisión de Festas do Carmen e do Rosario en Vilaxoán, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade do Rosario en Vilaxoán:

- Actuación da Asociación cultural Os Terribles de Arousa, o día 5 de outubro, por un importe de 391,00 €.
- Actuación da Asociación cultural Polifónica de Vilaxoán, o día 6 de outubro, por un importe de 585,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/4570

Dáse conta da sinatura do contrato menor de patrocinio entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación Cultural Ameixa Rock para o desenvolvemento do Ameixa Rock 2019, cunha aportación económica de 4.000,00 €, con cargo á partida 334.22609, que ten por obxecto a promoción da cultura e asociar a imaxe do Concello ao citado evento.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4571

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a D. José maria Tello Doval, en representación de Nooma Producciones para o cambio de data para a utilización do Salón de Actos do Auditorio Municipal, autorizado pola Xunta de Goberno Local de 12 de agosto de 2019 para o día 29 de setembro de 2019 para a representación do espectáculo "Peter Pan, aventura de Nunca Jamas", e que non se realizou, autorizandolle para o 23 de decembro de 2019, para a representación do espectáculo musical infantil "Vaya Santa Claus", nas mesmas condicións que se fixaban no acordo de data 12 de agosto, e que se indican a continuación:

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Será a cargo do solicitante ou organizador, os gastos de xiro postal na oficina de correos, correspondente os ingresos obtidos na taquilla o mesmo día da actuación.

Deberán entregar na Concellería de Cultura, póliza de seguros de responsabilidade civil, así como recibo de abono da mesma.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

ESPAZO	DIAS/HORAS	PREZO DIA/HORA	IMPORTE TOTAL
SALÓN DE ACTOS DE AUDITORIO	1 DÍA	264,70€	264,70€
PERSOAL	HORAS	PREZO	
-RESPONSABLE DE SALA: DE 08:00 A 14:00 E 16:00 A 22:00: 12 HORAS	12	10,20	122,40
DE 22:00 A 23:00: 1 HORA	1	12,75	12,75
-OPERARIOS(2)	24 HORAS	10,20	244,80
DE 08:00 A 14:00 DE 16:00 A 22:00 12 HORAS	2 HORAS	17,25	25,50
DE 22:00 A 23:00 HORAS			
PERSOAL DE TAQUILLA 2 PERSOAS DE 15:00 A 19:00 HORAS	8 HORAS	10,20	81,60
TOTAL			741,75

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2019/4572

Vista a solicitude de Dona Andrea Castro Vázquez, en representación de AREVA, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 13 de novembro de 2019, en horario de 16:00 a 22:00 horas, para a celebración dunha charla informativa sobre as consecuencias do consumo de alcol, con motivo da celebración do Día sen Alcol, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/4591

Vista a solicitude de D. Alberto Manuel Piñeiro Vilas en representación da Asociación Cultural San Miguel de A Torre, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Miguel o día 5 de outubro de 2019:

- Actuación da Asociación Cultural Folclórica Unión Piñeira de Guillán (Grupo de Gaitas) por un importe de 315,00 €.
- Actuación da Asociación Cultural Coral Amencer, por un importe de 335,00 €

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/4592

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a realización dun ciclo denominado CICLO PISCOCINE, enmarcado dentro dunha xornada de 3 días (os xoves do mes de outubro 10, 17 e 24) no Salón García, adxudicando o mesmo a Cine Clube Adegas, por un importe de 3.000,00 €, con cargo á partida 334.22609.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2019/4510

Dáse conta de escrito presentado por D. José María Iglesias Casal, en representación de Montajes J.M. Iglesias SL, solicitando ampliación de 3 meses do prazo de execución das obras de "1ª Fase da Humanización da Rúa Cervantes en Carril", que remataba o 26 de agosto de 2019, en base a diferentes imprevistos xurdidos durante a execución das obras:

- Atopouse pedra en gran parte da obra, tanto na zona de subida a Castillejos como en gran parte da Rúa Cervantes, o que retrasou o tempo de obra ao non poder utilizar maquinaria máis potente pola proximidade das vivendas, xa que podería chegar a provocar fendas nas edificacións.

- Traballos de Unión Fenosa Distribución dentro da obra.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico emitido, acorda autorizar a prórroga do prazo de execución das obras, ata o 26 de novembro de 2019.

PRP2019/4487

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo para aprobación do proxecto básico de "Construción de soportal na Escola de Aralde":

A Escola Unitaria de Aralde é un edificio levantado nos anos 50 do século pasado consonte un proxecto característico das escolas rurais daquela época.

O obxecto do presente proxecto é a construción dun espazo cuberto que permita a actividade e recreo dos nenos no exterior e mesmo que sirva de abrigo para os pais nas entradas e saídas do colexio.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o proxecto denominado "Construción de Soportal na Escola de Aralde", redactado polo arquitecto municipal do Concello de Vilagarcía don Xoán Xosé Rodríguez Cuíña, cun orzamento (IVE engadido) de 21.843,25 euros.

2º.- Solicitar á Xunta de Galicia, Consellería de Educación o financiamento das obras.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2019/4626

Vistos os xustificantes de gastos presentados pola habilitada LUZ Mª ABALO PÉREZ

correspondentes á PROVISIÓN DE FONDOS PARA GASTOS EMERXENCIA SOCIAL aprobada pola Xunta de Goberno Local de 06/09/2019 nun importe de 200,00€.

Visto o informe FAVORABLE da Intervención Municipal

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a xustificación presentada co seguinte detalle:

nº fra.	Data fra.	provedor	descripción	importe
416/3	06/09/19	MATY, S.C.	ALUGUEIRO HABITACIÓN 07-09-19 A 11-09-19	88,00
448/3	11/09/19	MATY, S.C.	ALUGUEIRO HABITACIÓN 11-09-19 a 12-09-19	22,00
3563530102-1567772834	06/09/19	VEGO SUPERMERCADOS S.A.U.	ALIMENTOS E MATERIAL HIXIENE	30,81
3104294103-1568117624°	10/09/19	VEGO SUPERMERCADOS S.A.U.	ALIMENTOS	5,79
FM000362	06/09/19	JULIAN A. DOMINGUEZ	MENÚS MEDIODÍA	53,00
				199,60

PRP2019/4614

Díase conta do informe do encargado do Servizo Municipal de Emerxencias Francisco Javier Guillán Busto para o xustificante de gastos que de seguido se relacionan e que se integran na relación de facturas F/2019/141, co seguinte detalle:

Nº REXISTRO FACTURA	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN
F/2019/6648	INFORME do encargado do Servizo Municipal de Emerxencias Francisco Javier Guillán Busto, relativo á factura presentada pola empresa CONTROL E INSPECCIÓN REGLAMENTARIA, S.L.	7.139,00	135-22799

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2019/141, por importe de 34.936,47€ coa seguinte desagregación:

Nº Rexistro Factura	Documento	Data Doc.	Aplicación	Importe	Terceiro	Nome Ter.	Texto Libre
F/2019/5907	F 191398	29/07/2019	2019 334 22631	343,20	F36019289	GRAFICAS ANDURIÑA, SCG	Tripticos a 4/4 tintas con hendidos y plegados a 22 x 22 REF.: EXPOSICION COLECTIVA GALEOSKA
F/2019/6598	F 190016	21/08/2019	2019 920 22000	479,16	B36108173	GRAFICAS ANDURIÑA, S.L.	Carpetas a 1/0 tintas con hendidos y plegadas a 22 x 32 cm. REF.: ARCHIVO HISTORICO MUNICIPAL
F/2019/6648	197 19	19/08/2019	2019 135 22799	7.139,00	B94053659	CONTROL E INSPECCIÓN REGLAMENTARIA, S.L.	INSPECCION DE ATRACCION DE FERIA (DPTO. DE CULTURA RESPONSABLE: FRANCISCO GUILLAN BUSTO)
F/2019/6652	19- 00052	30/03/2019	2019 164 22199	96,80	B94169646	SISTEMAS TECNICOS CONSTRUCTIVOS	EPOXY HEMPADUR FINIXH HS3 BLANCO (CEMITRIO E SERVICIOS

						DE AROSA	FUNERARIOS) / ADITIVO PERLA 1.5K (CFLOOR ANTISLIP ADDITIVE)
